

PROBA REPASO TEMA 2. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DOS ESTADOS

Nome e apelidos:	
------------------	--

a) Cales son as principais funcións que realiza o Estado?

b) Que é un Estado democrático?

c) Que características ten un Estado frustrado?

d) Cales son os principais obxectivos da Unión Europea?

e) Define os seguintes conceptos: Estado, Estatuto autonómico, Supranacional, Soberanía, IVE e Embaixada.

f) Explica a relación existente entre:

- organización territorial descentralizada / Comunidade Autónoma
- eleccións / democracia.
- Brexit / Unión Europea.
- relacións internacionais/embaixadas

g) Explica as formas de organización territorial dun Estado:

- Centralizado.
- Descentralizado.

SOLUCIÓN

a. As principais funcións do Estado son: cubrir as necesidades básicas da poboación (vivenda, educación, sanidade...); regular as relacións laborais a través da aprobación de leis e mediante políticas de emprego; dirixir a política común para favorecer o crecemento económico; manter a orde pública dentro das fronteiras e garantir o respecto da lei; participar na esfera internacional mediante a participación en diferentes organismos de relación con outros países.

b. Un Estado democrático é aquel que garante unha Constitución, que constitúe a lei básica do Estado. Existe unha separación de poderes que garante que as principais institucións non estean baixo un control único. O poder exerceo un grupo de persoas que foron escollidas por tódolos cidadáns e cidadás logo dun proceso electoral. Existen partidos políticos. Existe a liberdade de expresións e garántense os dereitos fundamentais das persoas.

c. Un Estado falido ou frustrado é aquel que non é capaz de cumprir coas principais funcións que debe garantir. As institucións son incompetentes para controlar o territorio, defender os seus cidadáns e prestarlles os servizos básicos.

d. Os principais obxectivos da UE son: impulsar un progreso económico e social equilibrado e respectuoso co medio ambiente mediante o establecemento dun espazo de libre circulación ou mercado único, a moeda única e as políticas específicas dos diversos sectores económicos; establecer leis e normas que promovan o progreso científico e técnico e tamén a loita contra a desigualdade social; desenvolver unha política internacional propia que fomente a solución de problemas internacionais e destine axuda humanitaria a países extracomunitarios; implantar unha cidadanía europea que recoñeza os dereitos e deberes de tódolos cidadáns e cidadás da UE; desenvolver un espazo de liberdade, seguridade e xustiza para tódolos cidadáns e cidadás da Unión.

e)

Estado: Organización política e administrativa que goberna un territorio.

- **Estatuto autonómico:** Norma institucional básica dunha Comunidade ou Cidade Autónoma na que se establecen as súas institucións de goberno e as súas competencias específicas.
- **Supranacional:** Unha entidade, organización ou organismo supranacional é o que está por enriba do ámbito dos Gobernos e institucións nacionais e que actúa con independencia deles.
- **Soberanía:** Capacidade dun Estado de tomar decisións vinculantes para a súa poboación no marco do seu territorio.
- **IVE:** Sigla de Imposto sobre o Valor Engadido, un imposto indirecto que grava o consumo doméstico final de produtos e servizos.
- **Embaixada:** Oficinas da diplomacia dun país en representación do mesmo noutro país.

f)

a. Nun Estado con organización territorial descentralizada, a Administración central mantén a súa autoridade en todo o territorio, pero os poderes teñen competencias propias que están recollidas na Constitución, como acontece coas Comunidades Autónomas en España.

b. As eleccións son un dos dereitos básicos dos países democráticos.

c. A saída do Reino Unido da Unión Europea coñécese como Brexit.

d. Nas relacións internacionais entre Estados é de grande importancia o papel das embaixadas e outras delegacións diplomáticas.

g)

- Centralizados, que poden ser puros cando tódalas competencias recaen sobre a Administración central, que as exerce de xeito total e exclusivo, ou con descentralización administrativa, cando a maioría das competencias recaen na Administración central e outras en organismos rexionais e locais.

– Descentralizados, cando a Administración central mantén a súa autoridade en todo o territorio pero os poderes rexionais teñen competencias propias que están recollidas na Constitución.